



IMPORTANTE. ESTA INFORMACIÓN VAI DIRIXIDA EXCLUSIVAMENTE AO ALUMNADO QUE NO CURSO 2025-2026 FOI ALUMNO/A DO CIFP MONTECELO

INFORMACIÓN ADMISIÓN/MATRÍCULA ALUMNADO 2026-2027

ALUMNADO RÉXIME ORDINARIO que estivo matriculado en 1º curso no 25/26

1) ALUMNADO QUE TEN QUE REPETIR 1º CURSO (ORDINARIO, ciclos medios e superiores)

Debe participar de novo no proceso de **admisión mediante o procedemento establecido vía web** en <https://www.edu.xunta.gal/ciclosadmission/> e presentala(*) nun centro público de FP de Galicia no prazo establecido entre o 15 e o 30 de xuño. **O alumnado que non teña promoción a segundo curso terá dereito a repetir con praza reservada por unha vez no mesmo centro no ano seguinte pero deberá solicitar de novo a admisión vía web. A solicitude crearase a partires da entrega das notas finais do curso (23 de xuño)**

Á hora de facer a reserva de praza na aplicación deberá marcar a casilla de alumno repetidor de 1º curso.

Unha vez admitido o alumno/a repetidor deberá matricularse no centro dende o día 10 de xullo ás 9:00 ata o 15 de xullo ás 13:00h. En caso de non facelo, perderá a praza. Así mesmo, está dispoñible o servizo de reserva/matricula de praza a través da aplicación informática; esta é unha opción máis recomendable que a de efectuala de xeito presencial. De escoller esta última opción, deberá abonar o seguro escolar en setembro no primeiro día do curso lectivo (alumnado menor de 28 anos – 1,12 euros, en efectivo e cantidade exacta).

Prazos establecidos para facer a matrícula conforme ao calendario establecido pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (ver info na web da Consellería)